

DON CESAR LÓPEZ ARRIBAS, Secretario Xeral do Concello de **Lalín (Pontevedra)**.

CERTIFICO: Que na sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 12 de xullo de 2024 adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

8.- EXPEDIENTE 2369/2024. PROPOSTA INICIO BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO PARA OUTORGAR AUTORIZACIÓNS DE UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CORRESPONDENTE ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECINTOS FEIRAIS DAS FESTAS PATRONAIS 2024.

Vista a proposta do **Sr. Concelleiro delegado de Festas do Concello de Lalín**, na que expón que as festas das Dores de Lalín, iniciaron a súa andaina a finais do século XIX dun xeito moi humilde, que co paso do tempo foise transformando nun evento cunha entidade propia e relevancia que a día de hoxe modifica a vida da vila por completo durante o mes de setembro.

Segundo o establecido no artigo 4 do RD 1372/1986 polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais: “son bens de uso público local os camiños, prazas, rúas, paseos, parques, augas de fontes e estanques, pontes e demais obras públicas de aproveitamento ou utilización xerais, cuxa conservación e policía sexan da competencia da entidade local”.

Pola súa parte o artigo 75 da citada norma sinala: “Na utilización dos bens de dominio público considerárase (...) 2º. Uso privativo, o constituído pola ocupación dunha porción do dominio público, de modo que limite ou exclúa a utilización polos demais interesados”. (...)

O artigo 78 establece: “(...)1. Estarán suxeitos a concesión administrativa: a) O uso privativo de bens de dominio público (...)” 2. As concesións outorgáranse previa licitación, con arranxo aos artigos seguintes e á normativa reguladora da contratación das Corporacións Locais.



Secretaría Xeral

Xa que logo, atopámonos diante dun uso ou aproveitamento privativo sobre un ben de dominio público suxeito a concesión que limita ou exclúe a utilización polos demais requirindo o debido control por parte da Administración mediante o outorgamento de concesión.

Consta no expediente informe asinado pola Secretaría Xeral, de data 8 de xullo de 2024 así como, o respectivo informe emitido o día 9 de xullo de 2024 pola Intervención de non suxeición a fiscalización previa do mesmo.

Xa que logo, vistas as **“BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA OUTORGAR AUTORIZACIÓNS DE UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CORRESPONDENTE ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECINTOS FEIRAIS DAS FESTAS PATRONAIS 2024” (Exp. 2369/2024)**, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acordou:

Primeiro.- Iniciar o expediente denominado **“BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA OUTORGAR AUTORIZACIÓNS DE UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL CORRESPONDENTE ADXUDICACIÓN DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DOS RECINTOS FEIRAIS DAS FESTAS PATRONAIS 2024” (Exp. 2369/2024)** mediante procedemento aberto, trámite ordinario, cos seguintes prezos de saída:


- **LOTE NÚM. 1: ZONA DO REGUEIRIÑO: 26.068,58 €.**
- **LOTE NÚM. 2: CAMPO DA FEIRA: 25.335,14 €.**

Segundo.- Aprobar as Bases e os seus Anexos e incorporar os devanditos documentos ao expediente.

Terceiro.- Iniciar os trámites para adxudicar os recintos feirais para as Festas Patronais do ano 2024 conforme ás características recollidas nas Bases Técnicas e Administrativas e, a estes efectos, publicar o correspondente anuncio no Perfil do Contratante e na Páxina web do Concello de Lalín.

E para que conste e unir ó expediente da súa razón, expido a presente en Lalín de orde e co visto e praxe da Sra. 1ª Tenente de Alcalde.





Lalínkcero

Secretaría Xeral



Concello de Lalín

O Secretario Xeral.
César López Arribas.

Visto e praxe, por Delegación da Alcaldía na 1ª
Tenente de Alcalde. María Paz Pérez Asorey.
(Decreto Alcaldía 23 de xuño de 2023)

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE)

L

N

M

O

Cod. Validación: AF67JG6EG54JFNDA4S7LF2E25
Corrección: <https://lalin.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

